Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

LINGUA 3

Tema 10
Viaxe en tren

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Ao longo desta unidade, os nosos alumnos traballarán os seguintes contidos:

- Recoñecemento da persoa e do número dos verbos.
- Escritura de palabras con **s** e **x**.
- Coñecemento de palabras antónimas.
- Escritura e recoñecemento de diálogos.
- Expresión oral dramatizada.

Solucións das actividades

Antes de ler

– Resposta persoal. Os nenos están encima dun escenario e ante eles hai público, polo que deben de estar a representar unha obra de teatro. Entre todos representan a forma dun tren.

– Resposta persoal. Lembraremos se en anos anteriores os nenos participaron nunha obra teatral, o nome desta e o papel que cada un representou.

Actividades de reforzo

1. Tras realizar a lectura do texto, aclararemos o significado das palabras que o alumnado non comprendera formulándolle as seguintes preguntas:

– *Que é un tren chusqueiro? Hai outras cousas que poden ser chusqueiras?*

– *Que significa que un tren non ten horario fixo? Chega sempre á mesma hora?*

– *Que é alugar unha cousa? É nosa se a alugamos? Que cousas se poden alugar?*

– *Que significa discorrer? Podes citar cousas que poidamos inventar?*

SOLUCIÓN: Actividade en grupo.

2. Despois, comprobaremos se o alumnado conseguiu un bo nivel de comprensión do contido da lectura pedíndolle que responda estas cuestións.

– *Como se chaman os protagonistas desta historia? Quen é o dono do tren? Fíxoo el mesmo?*

10 Viaxe en tren

Antes de ler

- **Que están representando os nenos e nenas da ilustración?**
- **Representaches na túa escola algún texto semellante? Cal era o teu papel?**



(*TANA, unha nena, agarda. Entra XÍO, un raparigo.*)

XÍO: Atención, atención, viaxeiros! Dentro dun momento chegará a esta estación o meu tren rápido e chusqueiro, procedente de ningures.

TANA: Tardará moito? Levo présa.

(*Óese o asubío do tren.*)

XÍO: Está a chegar. Endexamais atrasa: endexamais ten horario fixo.

TANA: Iso gústame, Xío.

(*Entra amodiño o tren e detense. Está formado por* ***cativos****, que simulan o movemento e o ruído propio dos ferrocarrís. O neno toca a campaíña.*)

TANA: Que fermoso! Telo en propiedade ou é alugado?

XÍO: É meu enteiro, desde a máquina ata o vagón de cola. **Discorrino** e fíxeno eu soíño.

TANA: Que marabilla!

XÍO: Sobes, Tana?

TANA: Non sei… Agardaba outro… Este ten parada na illa de Ons?

XÍO: Percorre todo o mundo! (*Toca de novo a campaíña.*) Viaxeiros, ao tren! Viaxeiros, ao tren! (*Asubío.*)

TANA: **Devezo** por ir nel, mais non me atrevo.

XÍO: Decídete axiña ou perderalo.

(*O tren ponse en marcha. O neno sobe nel.*)

TANA: A onde se dirixe realmente?

XÍO: Sempre vai a algures! Sube, á présa! Será moi divertido!

TANA: Non debería…

(*Corre e monta tamén. O tren xa colle velocidade.*)

cativo: de pouca idade; rapaz.

discorrer: darlle voltas na mente a unha cousa; pensar.

devecer: desexar algo intensamente.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Interpretar e empregar diferentes tipos de códigos e linguaxes.	Interpretar e expor a información que transmite a derradeira ilustración das que acompañan un relato. *Antes de ler.*
APRENDER A APRENDER	Desenvolver estratexias e empregar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua.	Favorecer e impulsar a adquisición de léxico a través da lectura dunha obra de teatro e dos glosarios que acompañan esta lectura. Lectura.
SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	Participar en actividades colectivas e escolares para iniciativa propia e mostrando interese e iniciativa.	Participar nunha conversa sobre o que fan os personaxes dunha obra de teatro representados nunha ilustración. *Antes de ler.* Expresar experiencias propias coas obras de teatro, indicando o papel representado. *Antes de ler.*
SOCIAIS E CÍVICAS	Participar en actividades colectivas de forma colaborativa, respectando as achegas dos outros.	Comentar, partendo da observación do formato dun texto e dunha ilustración, sobre a propia experiencia co teatro. *Antes de ler.*

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

TODOS (*cantando*):

Chu-cu-chu, chucu, chucuchú…
É marabilloso,
é fenomenal…!,
sucar vales,
cruzar ríos,
bosques, desertos,
chairas, outeiríos,
sempre adiante,
cara a novos horizontes,
mundos descoñecidos.
É marabilloso,
é fenomenal!
Coma este tren
non hai outro igual…
Chu-cu-chu, chucu, chucuchú…!

(*O tren chega a un bosque. As árbores e os animais saúdano ao pasar. Detrás das matogueiras xoga O COELLO, que, ao ver o tren, ponse no medio da vía e dálle o alto cunha pata. O tren detense.*)

XÍO: Que ocorre, señor coello?

O COELLO: Non se pode pasar. Está a vía cortada.

TANA: Que pena!

XÍO: Como é iso, señor coello? A vía debería cruzar o bosque enteiro.

O COELLO: Certo. Mais alguén debeu de arrincar os raís. Hai moitos animais que non se fían dos homes. Pensan que poden destruír o bosque. Eu son un deles!

TANA: Nós somos amigos dos animais.

XÍO: O meu tren tamén.

O COELLO: Síntoo.

XÍO: Isto ten arranxo. (*Asubío.*)

O COELLO: Boa viaxe. (*O tren recúa ata saír do bosque e logo colle por outra vía. Cantan todos os nenos, agás algúns que seguirán a facer o ruído da locomotora.*)

Euloxio RUIBAL: *Brinquemos ó teatro* (adaptación).

– *Que lle pareceu o tren a Tana cando o viu? A onde quería ir? Convíñalle montar no tren de Xío para chegar alí?*
– *O tren percorre todo o mundo ou só podemos visitar algúns lugares? Por onde pasa?*
– *Que fixo Xío cando o coello lles impediu entrar no bosque? Anoxouse ou cambiou de vía e seguiron cantando?*

SOLUCIÓN: Actividade en grupo.

Actividades de ampliación

1. Proporémoslle ao alumnado que imaxine e que represente a conversa entre o coello e os seus amigos animais na que decidiron impedir que o tren entrara no bosque.

SOLUCIÓN: Actividade en grupo.

Educamos en valores

O traballo en equipo

■ Na lectura vemos que os nenos representan unha obra de teatro colaborando todos entre si.

Se non for así, sería imposible realizar a representación. Preguntaremos:

– *Realizastes traballos en equipo? Cales?*
– *Credes que se adianta máis traballando en equipo?*
– *Que aprendedes dos demais cando traballades en equipo? E eles de vós?*

NAVEGAMOS POR TICHING

■ http://www.tiching.com/86116

Veremos xuntos este vídeo no que que se reproduce a representación dunha breve obra de teatro musical e ao terminar preguntarémoslle ao alumnado:

– *Representastes nalgún lugar da escola, algunha vez, unha obra de teatro?*
– *Como foi? Que obra era? Sabes o seu título? Quen asistiu? Gustoulles?*
– *Custouvos moito preparala? Lembrabades todos os papeis de memoria?*

LIBRO DIXITAL

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nesta dobre páxina aprenderemos a describir paisaxes e a recoñocer a persoa e o número dos verbos. Para iso, realizaremos as seguintes actividades:

- Resposta a preguntas sobre o contido da lectura.
- Detección das paisaxes que aparecen nunha canción.
- Escritura de onomatopeas.
- Indicación da persoa e o número de formas verbais.
- Compleción dun cadro con distintas formas verbais.

Solucións das actividades

Ler e comprender

1. As respostas son as que indicamos a continuación:

– O tren é de Xío.

– Viaxan Xío e Tana.

– Tana quería ir á illa de Ons.

– Vai a algures.

2. O son destos obxectos é:.

– Asubío do tren: *Fiiiiiiuuuu, fiiiiiiiiiuuuuuuuu!*

– Campaíña do tren: *Tilín, tilín, tilín!*

– Locomotora en marcha: *Chu-cu-chu, chucu, chucuchú...!*

– Reloxo da estación: *Tic-tac, tic-tac.*

3. As paisaxes polas que pasa o tren son:

a. Ríos

b. Vales

c. Bosques

d. Desertos

4. A opción correcta é: *Nenos agarrados formando un tren*.

Resposta persoal. Os nenos agárranse un detrás doutro polos ombreiros, formando unha fila que imita os vagóns do tren.

5. As expresións son:

– O tren que procede de ningures.

– Xío teno en propiedade.

– Devezo por ir nel.

– O tren sempre vai a algures.

Ler e comprender

Aprenderás a describir paisaxes que saíron nunha obra de teatro.

1 Lembra a lectura e responde as seguintes preguntas:

– De quen é o tren?

– Quen viaxa nel?

– A onde quería ir Tana?

– A onde vai este tren?

2 Escribe os sons dos seguintes obxectos:

- o asubío do tren
- a campaíña do tren
- a locomotora en marcha
- o reloxo da estación

3 Escribe as distintas paisaxes polas que pasa o tren. Todas as palabras aparecen na canción. Se non sabes o seu significado, podes buscalo no dicionario:





4 Como se representa o tren na obra de teatro? Escribe a opción correcta no caderno e descríbea:

– Decorado cun tren debuxado.

– Nenos agarrados formando un tren.

– Nenos que moven un tren de cartón.

– Nenos disfrazados de tren.

5 Busca na lectura outras expresións que signifiquen o mesmo:

– O tren procede de ningún sitio.

– Xío, o raparigo, é o dono do tren.

– Teño moitas ganas de ir nel.

– O tren sempre vai a algún sitio.

118 Tema 10

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	2	Identificar e sinalar o son dunha serie de obxectos relacionados co ferrocarril.
	5	Procurar na lectura principal do texto expresións co mesmo significado das expostas.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Desenvolver a habilidade, velocidade e comprensión lectora.	Responder cuestións para a comprensión dunha lectura. Act. 1.
Dixital	Empregar as ferramentas tecnolóxicas e dixitais con eficacia e habilidade.	Observar unhas imaxes de diferentes paisaxes e identificalas na canción aparecida nunha obra de teatro. Act. 3.
Aprender a aprender	Desenvolver estratexias e empregar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua.	Ler con atención unha serie de expresións e procurar na lectura principal expresións que signifiquen o mesmo. Act. 5. Facer unha táboa co presente de indicativo partendo do infinitivo e indicando persoa e número.Act. 6.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Gramática

Aprenderás a recoñecer a persoa e o número dos verbos.

A persoa e o número dos verbos

Le os bocadillos e fíxate nos verbos:

As formas verbais teñen **persoa** e **número**.

As formas dos verbos indícannos a persoa que realiza a acción. Un verbo tamén ten número, isto é, pode estar en **singular** ou **plural**:

- Verbo en **primeira persoa**: *eu conto, nós contamos.*
- Verbo en **segunda persoa**: *ti contas, vós contades.*
- Verbo en **terceira persoa**: *el / ela conta, eles / elas contan.*

6 Copia esta táboa no teu caderno e indica a persoa e o número das formas verbais:

forma verbal	persoa	número
xogo	primeira	singular
xogas	...	...
xoga	...	...
xogamos	...	...
xogades	...	...
xogan	...	...

7 Fai o mesmo que na actividade anterior pero conxugando os seguintes verbos:

- falar
- contar
- chorar
- cantar
- rir
- aterrar

Gramática

6. A persoa e o número das formas verbais da táboa é:

- xogas: segunda singular.
- xoga: terceira singular.
- xogamos: primeira plural.
- xogades: segunda plural.
- xogan: primeira plural.

7. Conxugamos os verbos do xeito que indicamos:

- falar: *falo, falas, fala, falamos, falades, falan.*
- contar: *conto, contas, conta, contamos, contades, contan.*
- chorar: *choro, choras, chora, choramos, chorades, choran.*
- cantar: *canto, cantas, canta, cantamos, cantades, cantan.*
- rir: *río, ris, ri, rimos, rides, rin.*
- aterrar: *aterro, aterras, aterra, aterramos, aterrades, aterran.*

Actividades de reforzo

1. Ditarémoslles as seguintes frases aos alumnos. Unha vez que as escribiron nos seus cadernos, pedirémoslles que identifiquen o verbo en cada unha delas e, despois, que indiquen a persoa e o número:

- A miña mamá traballa no hospital.
- Mañá iremos de excursión.
- Os meus avós viven en Santiago.
- Sempre vés contento ao colexio.
- Hoxe comerei lentellas.
- Ti e os teus amigos facedes moito ruído.

SOLUCIÓN: traballa: *terceira singular* / iremos: *primeira plural* / viven: *terceira plural* / vés: *segunda singular* / comerei: *primeira singular* / facedes: *segunda plural.*

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/86950

Observaremos esta presentación dunha canción infantil en inglés e preguntarámoslle ao alumnado:

- *Que representan as onomatopeas do vídeo?*
- *Sabías que cada idioma interpreta os sons de forma diferente?*
- *En galego, o son dun can é "woof, woof"?*

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nesta dobre páxina, os nenos continuarán traballando a persoa e o número dos verbos e aprenderan a escribir palabras con x e s. Para iso, resolverán as seguintes actividades:

- Indicación do número e a persoa de determinadas formas verbais.
- Escritura do plural de determinadas frases.
- Relación de persoas coa forma verbal que lles corresponde.
- Compleción de frases con palabras estudadas.
- Compleción de palabras con **s, x**.
- Compleción de palabras cos prefixos **ex-, es-**.

Solucións das actividades

Gramática

8. Indicamos a continuación como completar a lista de verbos:

– Eles viven: *terceira plural.*
– *El/ela* escoita: *terceira singular*.
– *Vós* colledes: *segunda plural*.
– Nós trouxemos: *primeira plural*.
– *Ti* contaches: *segunda singular.*

9. As frases en plural son:

– Nós *levamos* o carro.
– Vós *comedes* un pastel saboroso.
– Eles *arraxan* o coche do veciño.
– Elas *deselan* o vestido para o desfile.
– Vós *faredes* unha festa de aniversario no campo.

10. A relación correcta entre persoa e verbo é: *Nós viaxamos. / Vós camiñades. / El esquece. / Eu medro. / Ti cantas. / Elas saen.*

11. Completamos a táboa do seguinte xeito:

– Vai: *3ª, singular, presente*.
– Copiarei: *1ª, singular, futuro*.
– Aprendín: *1ª, singular, pasado*.
– Sentides: *2ª, plural, presente*.
– Choran: *3ª, plural, presente*.
– Fixestes: *2ª, plural, pasado*.
– Estuda: *3ª, singular, presente*.

Gramática

8 Completa no teu caderno seguindo o exemplo:

Eu merco → 1ª persoa singular
– Eles viven → ...
– ... escoita → ...
– ... colledes → ...
– Nós trouxemos → ...
– ... contaches → ...

9 Copia as seguintes oracións no teu caderno e escríbeas en plural:

– Eu levo o carro.
– Ti comes un pastel saboroso.
– El arranxa o coche do veciño.
– Ela deseña o vestido para o desfile.
– Ti farás unha festa de aniversario no campo.

10 Relaciona no teu caderno cada persoa co verbo axeitado. Despois, escribe unha oración con cada un deles:

Nós	saen
Vós	camiñades
El	viaxamos
Eu	esquece
Ti	cantas
Elas	medro

11 Completa esta táboa no teu caderno coa persoa, o número e o tempo de cada forma verbal:

forma verbal	persoa	número	tempo
vai	terceira	...	...
copiarei	...	...	...
aprendín	...	...	...
sentides	...	...	...
choran	...	...	...
fixestes	...	...	...
estuda	...	...	...

120 Tema 10

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	8	Sinalar a persoa e número dunha serie de formas verbais seguindo o exemplo.
	11	Practicar o uso correcto da **x** ou da **s** completando unha listaxe de palabras cunha destas grafías.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Identificar e empregar adecuadamente os elementos básicos da lingua.	Indicar o pronome persoal, a persoa e o número nunha serie de formas verbais. Act. 8.
Aprender a aprender	Establecer equivalencias, paralelismos ou outros tipos de relación de elementos diversos. Desenvolver estratexias e utilizar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua.	Transormar a plural unha listaxe de oracións que están en singular. Act. 9. Cambiar a grafía s por x nunha serie de palabras e elaborar oracións con dúas das palabras novas. Act. 14.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Intervir en actividades por iniciativa propia e actitude colaborativa.	Coñecer o significado dunhas palabras cambiando unha grafía por outra e facer dúas oracións. A. 14

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Ortografía

Aprenderás a escribir os dous sons da letra **x**.

Palabras con X e S

Observa como se escriben as seguintes palabras:

Pon atención aos dous sons da letra **x**.

12 Completa estas oracións no teu caderno coas palabras anteriores:

– Varreu o soto cunha vasoira de … .
– Despois de xantar meu avó sempre dorme a … .
– Catuxa quedou de … no campionato de xadrez.



13 Completa no teu caderno as seguintes palabras con **s** ou **x** segundo corresponda:

- …irafa
- …eado
- …ofá
- …ardiña
- …a…ofón
- …elo
- …acho
- …erra
- quei…o
- e…cavadora
- laran…a
- …astre
- cai…a
- a…óu…ere
- beren…ena

14 Cambia por **x** as letras salientadas e escribe no teu caderno as palabras novas. Escribe unha oración con dúas das novas:

- susto
- liso
- serra
- coso
- toso
- peite
- raso
- gato
- cofre

15 Completa no teu caderno estas palabras con **ex-** ou con **es-** segundo corresponda:

- …cursión
- …bozo
- …ame
- …cama
- …plorar
- …plorable
- …cala
- …aminar
- …aminador
- …cursionismo
- …calfar
- …ploración

Ortografía

12. Completamos as frases así:

– Varreu o soto cunha vasoira de ***xesta***.
– Despois de xantar meu avó sempre dorme a ***sesta***.
– Catuxa quedou de ***sexta*** no campionato de xadrez.

13. Por columnas, completamos as palabras así:

– Primeira columna: ***xirafa, xeado, sofá, sardiña, saxofón***.
– Segunda columna: ***selo, sacho, xerra, queixo, excavadora***.
– Terceira columna: *laranxa, xastre, caixa, axóuxere, excavadora.*

14. Resposta persoal. De esquerda a dereita, as palabras novas son:

xusto, coxo, raxo, lixo, toxo, xato, xerra, peixe, xofre.

15. Por columnas, completamos as palabras con os prefixos seguintes:

– Primeira columna: ***excursión, esbozo, exame, escama***.
– Segunda columna: ***explorar, explorable, escala, examinar***.
– Terceira columna: ***examinador, excursionismo, escalfar, exploración.***

Actividades de reforzo

1. Leremos as seguintes frases e volverémolas a escribir cambiando a persoa, o número e o tempo do verbo segundo se indique.

– Gústanme as fresas → *3ª persoa plural, pasado.*
– Temos que irnos pronto → *2ª persoa singular, presente.*
– Vai vir a cear → *1ª persoa singular, futuro.*

SOLUCIÓN: *Gústabanlles as fresas / Tes que irte pronto. / Irei cear.*

2. Ditaremos a seguinte lista de palabras para que os alumnos a completen con x ou s onde corresponda.

Anestesia, asfixiar, xersei, xirase, xirasol, perexil, suxeito, estraño, estranxeiro, espada.

SOLUCIÓN: Actividade persoal.

NAVEGAMOS POR TICHING

■ http://www.tiching.com/86981

Escoitaremos esta canción infantil e discriminaremos as formas verbais que nela aparecen.

Teremos que determinar de cada verbo que non se repite a seguinte información: *a persoa, o número e o tempo*.

LIBRO DIGITAL

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nestes apartados os nenos aprenderán o que son as palabras antónimas e a escribir diálogos. Realizarán para isto as seguintes actividades:

- Cambio das palabras dun texto polos seus antónimos.
- Busca de palabras no dicionario e escritura dos seus antónimos.
- Redacción dun diálogo seguindo os pasos que se presentan.
- Lectura en público do noso diálogo.

Solucións das actividades

Vocabulario

16. O antónimo que corresponde a cada palabra é:

suave → *áspero.*

vello → *novo.*

duro → *mol.*

mollado → *enxoito.*

diante → *detrás.*

17. Ao cambiar as palabras sublimadas polas súas antónimos, o texto quedará así:

Chegamos moi tarde e baixamos do autobús. Lonxe do río había poucas árbores baixas e de tronco groso. As augas corrían rapidamente e puidemos ver unhas pequenas troitas que nadaban con gran dificultade.

Detrás de nós, había un ancho e curto camiño que conducía á nova ponte que xuntaba as dúas aldeas.

18. A definición e o antónimo de cada palabra é:

ascender: Ir cara a arriba, a un punto máis alto → *descender.*

ir: Moverse cara a un lugar, desprazarse no espazo → *vir.*

encoller: Contraer ou dobrar [o corpo, unha parte del, un membro] → *estirar(se).*

encher: Ocupar o espazo baleiro de [unha cousa] → *baldeirar.*

subir: Ir da parte baixa á parte alta de [algo] → *baixar.*

Vocabulario

Aprenderás o que son as palabras antónimas.

Palabras antónimas

Observa os debuxos e fíxate nas palabras salientadas:

O pallaso está **ledo**.

O pallaso está **triste**.

Fíxate

As palabras *día / noite, aberto / pechado, arriba / abaixo, grande / pequeno, longo / curto* son palabras **antónimas**.

As palabras que teñen un significado oposto unha da outra chámanse palabras **antónimas**.

16 Relaciona os antónimos seguintes no teu caderno:

suave	enxoito
vello	detrás
duro	mol
mollado	áspero
diante	novo

17 Le o texto e volve escribilo no ordenador cambiando as palabras subliñadas polos seus antónimos:

Chegamos moi cedo e baixamos do autobús. Preto do río había moitas árbores altas e de tronco delgado. As augas corrían lentamente e puidemos ver unhas grandes troitas que nadaban con gran facilidade.

Diante de nós, había un estreito e longo camiño que conducía á antiga ponte que separaba as dúas aldeas.

Dicionario

18 Busca no dicionario estes verbos e escribe os antónimos:

- ascender
- ir
- encoller
- encher
- subir
- aterrar
- negar
- perder
- aforrar
- afundir

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	17	Coñecer os antónimos substituindo as palabras subliñadas nun texto por antónimos axeitados.
Cinético-corporal	21	Representar por parelles e facendo movementos, xestos, etc., un diálogo entre vento e follas dunha árbore.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Dixital	Interpretar información na Internet para ampliar e reforzar coñecementos. Empregar as ferramentas tecnolóxicas e dixitais con eficacia e habilidade.	Ampliar coñecementos sobre os antónimos consultando unha páxina web. Explorador dixital. Transformar un texto no ordenador cambiando palabras subliñadas por antónimos. Act. 17
Conciencia e expresións culturais	Apreciar a literatura como elemento de reflexión e procura de coñecementos.	Ler con atención un diálogo dun conto de Gianni Rodari e identificar os falantes. Act. 19.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Intervir en actividades por iniciativa propia e actitude colaborativa.	Traballar en parella, axudándose de xestos e movementos, expresando un diálogo. Act. 21.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Escribir

Aprenderás a escribir diálogos.

O diálogo

Le o seguinte texto:

–Bos días! É hora de levantarse!
–Non quero! Teño sono! –responde Martiño.
–Veña, arriba, non ves que tes que ir á escola?
–Non me quero erguer, vai moito frío!
–Prepároche un zume de laranxa? –insiste a nai.
–Non quero nada! Quero durmir! Por que teño que ir á escola?
–Pois porque tes corenta anos e es o director.

O **diálogo** é a comunicación falada ou por escrito entre dúas ou máis persoas.

Lembra
Cada vez que empeza a falar alguén nun texto ponse unha **raia** (–), e cando remata a oración ponse punto e á parte.

19 Le o seguinte diálogo. Quen cres que fala? Escríbeo no teu caderno:

–Había unha vez unha nena á que chamaban Carapuchiña Amarela.
–Non, Vermella.
–Iso, Carapuchiña Vermella. A súa nai chamouna e díxolle: "Oes, Carapuchiña Verde…".
–Que non, Vermella.
–Vai onda tía Maruxa e lévalle esta bolsa de patacas.
–Que non, non vai onda a tía, vai onda a avoa e lévalle unha bola de pan!

Gianni RODARI: *Contos por teléfono* (adaptación). Pontevedra, Kalandraka, 2011.

20 Por parellas, escribide o diálogo que poderían manter o vento e mais as follas dunha árbore.

21 Lédelle ao resto da clase os diálogos que escribistes na actividade anterior, representando cada un de vós un personaxe diferente. Intentade representar a escena con movementos, xestos…

Fíxate
No diálogo, préstalles atención aos signos de interrogación e de exclamación.

aterrar: Pousar en terra → *despegar.*

negar: Non aceptar que [unha cousa] sexa verdade ou que exista → *afirmar.*

perder: Deixar de ter → *gañar.*

aforrar: Diminuír o consumo de [unha cousa] → *gastar.*

afundir: Facer ir para o fondo → *aboiar.*

Escribir

19. Actividade persoal. Poden falar unha nai e a súa filla, dous amigos, un avó e o seu neto...

20. Actividade persoal. Lembrarémoslles aos alumnos que cada vez que fale un personaxe, hai que escribir unha raia, e ao acabar, punto e á parte.

21. Actividade en grupo.

Actividades de reforzo

1. Escribiremos as seguintes frases no encerado e pedirémoslles que as escriban nos seus cadernos cambiando as palabras subliñadas polos seus antónimos.

Se non coñecen o significado dalgunha palabra, dirémoslles que utilicen o dicionario.

– A comida está sosa.
– O café está moi frío.
– Aquí sempre me aburrín moito.
– A botella do aceite está baleira.
– Sairemos ao amañecer.
– Tes cara de enfermo.

SOLUCIÓN: sosa → *salgada* / frío → *quente* / aburrín → *divírtome* / baleira → *chea* / amañecer → *anoitecer* / enfermo → *san.*

Actividades de ampliación

1. Por parellas escribiremos un diálogo entre algúns dos personaxes seguintes: un percebe e un polbo; un deserto e un lago; un personaxe de debuxos animados e un mesmo.

Seguidamente, cada parella representará diante de toda a clase o seu diálogo entoando ben as frases exclamativas e interrogativas.

SOLUCIÓN: Actividade por parellas.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/86984

Mostrarémoslle esta imaxe aos alumnos e pedirémoslles que escolla dúas parellas de debuxos contrarios e que os describa usando o maior número de antónimos posibles.

As descricións non deben ser moi extensas, pero é impotante que saian como mínimo tres palabras cos seus antónimos e que as subliñen.

LIBRO DIGITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nesta dobre páxina realizaremos as actividades que indicamos a continuación:

- Interpretación dos personaxes que aparecen nas imaxes.
- Invención de diálogos entre personaxes de contos e dramatizalos.
- Recoñecemento das emocións que expresan as máscaras.
- Memorización de trabalinguas.

Solucións das actividades

Escoitar e falar

22. Actividade en grupo. Primeiro, entre todos identificaremos a situación que se describe en cada imaxe e os personaxes que interveñen en cada unha delas:

a) O carteiro entregándolle unha carta a un señor maior.

b) Unha reporteira entrevistando un xogador de fútbol.

c) Un vendedor aconsellando unha familia sobre unha lavadora.

d) Un quiosqueiro vendéndolle o xornal á xente.

23. Actividade en grupo. Como no exercicio anterior, describiremos entre todos as situacións que se representan nas imaxes para que os alumnos poidan traballar con elas:

a) Dous galos falando cun verme.

b) Dous extraterrestres na clase.

c) Un cabalo falando co seu xinete.

24. Actividade en grupo.

O trasno das palabras

1. Deberiamos escoller o sombreiro da imaxe c).

2. Expresan as seguintes emocións:

a) Enfado.

b) Alegría.

c) Tristeza.

d) Decepción.

3. Actividade persoal. Despois de que lean os trabalinguas, pedirémoslles que escollan un e que o memoricen. Podemos pedirlles a algúns alumnos que os reciten en voz alta.

Escoitar e falar

Aprenderás a dramatizar para poñerte no papel dun personaxe.

A dramatización

Cando dramatizamos, convertémonos nun personaxe. No intre de faceren a representación, os actores teñen que moverse, xesticular, falar e entoar como o personaxe que representan.

Dramatizar é poñerse na pel dun personaxe e actuar coma se fose el.

22 Facede o papel das persoas que interveñen nas seguintes situacións reais:



23 En grupos de tres, representade os personaxes que interveñen nestas situacións fantásticas. Un de vós fará o papel de narrador:

24 Elixide cada un un personaxe dun conto coñecido e, en pequenos grupos, dramatizade diálogos entre eles.

124 Tema 10

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Cinético-corporal	22	Representar os papeis de persoas en ilustracións.
	23	Representar en grupo situacións en tres ilustracións.
	24	Dramatizar en grupo un conto coñecido.
Lóxico-matemática	O tr..., 1	Identificar a imaxe axeitada entre uns sombreiros.
Intrapersoal	O tr..., 2	Identificar as emocións nuns debuxos de máscaras.
Lingüística	O tr..., 3	Aprender de memoria dous trabalinguas.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Comunicarse eficazmente coa fórmula e rexistro adecuado a cada situación comunicativa.	Traballar unha dramatizacion axeitada representando os personaxes duns debuxos . Act. 22, 23.
Sociais e cívicas	Comunicarse de forma eficaz e asertiva con distintos recursos lingüísticos e non lingüísticos.	Traballar a dramatización en grupo con situacións reais e fantásticas Act. 22, 23.
Conciencia e expresións culturais	Valorar as obras literarias e outras formas lingüísticas.	Dramatizar contos coñecidos e aprender trabalinguas. 24, tr., 3.
Aprender a aprender	Argumentar e razoar as opinións e explicacións.	Interpretar as emocións representadas nunhas máscaras. O tr., 2.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

O trasno das palabras

1 Cal destes sombreiros escollerías se representases un papel de pirata nunha obra de teatro?

2 Fíxate nestas máscaras. Que emocións expresan?



3 **Eficacia lectora.** Aprende os seguintes trabalinguas:

Cinco figafarzos novos,
afigafarzaron a figafarza vella;
veu o figafarzo vello,
e afigafarzou os cinco figafarzos novos,
e mais a figafarza vella.

Nun niño de conchagarfos,
dous conchagarfiños hai.
Quen os desenconchagarfice
bo desaconchagarfizador será.

Lectura recomendada

Antón Avilés de Taramenco: *Tres capitáns de tempos idos.*
Vigo, Ed. Xerais, 2002.

Esta peza teatral para nenos é unha apaixonante viaxe pola historia da Lingua e Literatura galegas. Poderás percorrer a Idade Media, a Idade Moderna e o comezo do Rexurdimento. Quen será a velliña cun pano negro que sempre aparece na escena?

Actividades de reforzo

1. Explicarémoslles aos nenos que é posible dramatizar sen utilizar palabras. Ás veces, os xestos son suficientes para expresar unha emoción, idea ou unha mensaxe.

Para traballar esta dramatización "muda", escribiremos algunhas escenas en anacos de papel que inseriremos nunha caixa. Por exemplo:

- Somos un porteiro que para un tiro a porta co balón.
- Asustámonos ao ver unha araña nunha esquina.
- Somos un señor maior que se enfada ao pisar un excremento de can.
- Alegrámonos ao atoparnos na rúa cun amigo que non viamos hai tempo.

Logo, un voluntario sacará unha das papeletas e representará a escena utilizando só a expresión corporal. O neno ou nena que a acerte sairá a representar a seguinte papeleta.

Solución: Actividade en grupo.

Actividades de ampliación

1. Aprenderemos o seguinte trabalinguas e, a continuación, dividiremos a clase en dous grupos. Mentres un dos grupos recita o trabalinguas, o outro representarao.

Por debaixo da mesa
vai un pito coxo.
Corre pito, corre,
corre, pito coxo.
Corre pito, corre,
corre pito coxo.

Solución: Actividade en grupo.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/86992

Observaremos este fragmento dun espectáculo teatral e formularémoslle as seguintes preguntas ao alumnado:

- *O protagonista do vídeo realmente é así ou está representando un papel? Como o sabedes?*
- *Que características ten que ter un actor? Que necesita para poder traballar?*
- *Cantos personaxes representa neste vídeo? Como os identificastes?*

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Anotacións

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nesta dobre páxina repasaremos o aprendido nesta unidade e avaliaremos as competencias adquiridas a través das seguintes actividades:

- Realización de actividades de repaso dos principais contidos da unidade.
- Identificación dos elementos dun teatro.
- Identificación nun debuxo dos asentos correspondentes a unha entrada de teatro.

Solucións das actividades

Aprendín

1. Cambiaremos as frases da seguinte maneira:

– Nós *mercamos* unha revista no quiosco.

– Eles *andaban* perdidos polo bosque.

– Vós *atopastes* antigüidades no faiado.

2. As palabras antónimas que aparecen na sopa de letras son:

divertido → *aburrido.*

estreito → *ancho.*

cheo → *baleiro.*

difícil → *fácil.*

escuro → *claro.*

lonxe → *preto.*

3. O nombre de cada imaxe é:

a) Xeado

b) Peixe

c) Saxofón

d) Xoaniña

e) Laranxa

f) Xirafa

Avalío as miñas competencias

1. As imaxes corresponden ás seguintes partes dun teatro:

a) Escenario

b) Escenografía

c) Caracterización

d) Platea

e) Elenco teatral

f) Vestiario

Aprendín

1 Cambia de número os verbos destas oracións. Faino no teu caderno:

1ª persoa singular → Eu merco unha revista no quiosco.
1ª persoa plural → ...

2ª persoa singular → Ti andabas perdido polo bosque.
3ª persoa plural → ...

3ª persoa singular → Ela atopou antigüidades no faiado.
2ª persoa plural → ...

2 Busca nesta sopa de letras as antónimas destas palabras e escríbeas no teu caderno:

- divertido
- estreito
- cheo
- difícil
- escuro
- lonxe

B	A	L	E	I	R	O	C	N	P	D
H	N	X	I	L	A	P	R	E	T	O
L	C	L	A	R	O	Ñ	E	L	U	A
E	H	S	C	V	N	T	U	C	Z	D
V	O	A	B	U	R	R	I	D	O	O

3 Escribe no teu caderno o nome das seguintes imaxes:

Ditado

Xurxo traballa na **peixaría**. As sardiñas e as **xardas** son os seus **peixes** preferidos. Tamén vende polbo, **xurelos** e **xoubas**. Nos días libres gústalle facer de **xardineiro** e **xogar** cos seus cans. Quere aforrar e **xuntar** cartos para poder mercar unha parada de **taxi**.

126 Tema 10

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	Apr..., 2	Procurar palabras antónimas nunha sopa de letras.
Intrapersoal	Ditado	Realizar un ditado e autoa-valiar os seus resultados.
Lóxico-matemática	Av..., 2	Interpretar axeitadamente un plano de teatro.
	Av..., 3	Facer cálculos sobre prezos de entradas.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Valorar o ditado como técnica facilitadora da aprendizaxe. Analizar os elementos do contexto para enriquecer a comprensión de textos e imaxes.	Realizar un ditado e avaliar os seus resultados. *Ditado.* Coñecer diferentes características dun teatro e saber interpretar unha entrada de teatro. Av..., Act. 1, 2.
Conciencia e expresións culturais	Familiarizarse con diferentes manifestacións culturais.	Coñecer os elementos e partes físicas dun teatro. Av..., Act. 1.
Matemáticas e bás. en ciencias e tecnol.	Resolver problemas co uso da linguaxe matemática.	Situar o asiento correcto e calcular prezos do teatro. Av..., Act. 2, 3.
Sentido da iniciativa e esp. emprendedor	Adoptar pautas de conduta que favorezan a autonomía.	Indicar correctamente o asento no mapa dun teatro. Av..., Act. 2.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Avalío as miñas competencias

1 Identifica e escribe no teu caderno os elementos dun teatro:

1. Escenario
2. Elenco teatral
3. Vestiario
4. Platea
5. Caracterización
6. Escenografía

2 Observa a entrada e o plano e indica onde tes que sentar:

3 Canto pagaches por esta entrada? Canto pagará unha familia de catro membros que ten tres entradas para a zona laranxa e unha entrada para a zona verde?

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/87038

Observaremos esta presentación sobre as partes e espazos dun teatro e formularémoslles as seguintes preguntas aos nenos:

- *Que é un teatro? Que outro nome recibe o patio de butacas? Onde está o foso e para que serve?*
- *En que tres sitios pode sentar o público? Que se fai na cabina de luces e son?*

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

2. Actividade persoal.

3. Esta entrada custa 7 €. A familia pagará 3 x 6 € + 1 x 5 € = 23 €.

Actividades de reforzo

1. Nas seguintes oracións teremos que escoller o verbo correcto e dicir o seu número, persoa e tempo.

- *Virei/ Viredes* con nós comprar mañá ao mediodía?
- Pablo e María *casaron / casaremos* en pleno inverno nun castelo.
- Papá, *podes / podo* traerme un vaso de agua, por favor?
- Vós nunca *queredes / queren* xogar connosco.

Solución: Viredes → *2ª persoa plural, futuro.* / Casaron → *3ª persoa plural, pasado.* / Podes → *2ª persoa singular, presente.* / Queredes → *2ª persoa plural, presente.*

Actividades de ampliación

1. Podemos ler a peza teatral recomendada na páxina 125 e organizar unha pequena representación dela.

Dividiremos os nenos en grupos: uns serán os actores, outros os encargados da escenografía, e outros da dirección da obra.

Podemos facer unha mostra da obra ante outras clases ou ante os pais dos alumnos.

Solución: Actividade en grupo.

Anotacións

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Avalío os meus logros

2º trimestre

1 Completa as oracións no teu caderno cos artigos e contraccións que lle acaian:

– … meu tío contoume … conto … raposa e … lobo.
– Fixen … viaxe … tren máis rápido … mundo.
– … mellor invento … pai foi … día … películas.
– … poldro … meu soño transformouse … cabalo branco.
– … beira … río hai moitas pedras.
– … colexio a miúdo facemos traballos en grupo.

2 Completa no teu caderno coas formas verbais indicadas. Di tamén a conxugación á que pertence cada infinitivo:

infinitivo	pasado	presente	futuro
abrir (3ª)	…	…	…
…	…	digo	…
…	…	…	xantarei
…	cheguei	…	…
recoller (2ª)	…	…	…
…	…	bebo	…

3 Copia no teu caderno e risca a palabra que sobra en cada grupo:

inglés	rosa	tren	pito
francés	chuchamel	barco	corte
ourego	azul	coche	poldro
galego	margarida	motor	xato
alemán	clavelina	avión	rancho

4 Engade nomes aos campos semánticos anteriores.

5 Completa as seguintes palabras con **s** ou **x** e escribe oracións con elas. Faino no teu caderno:

- …ardiñeiro
- …ouba
- e…traño
- e…acto
- bande…a
- a…e…ar
- …astre
- albore…ando
- …aia

6 Escribe no teu caderno sinónimos e antónimos destas palabras:

- felicidade
- fermoso
- preto
- diferente
- rápido
- ledo
- bondadoso
- bonito
- grande
- afastado
- lembrar
- andar

7 Cambia a letra salientada por **c**, **z** ou **qu**. Faino no teu caderno:

- **p**azo
- **b**ravo
- **s**ilo
- **s**ego
- **l**ume
- **b**eixo
- **m**uller
- **l**abra
- **f**erido
- **d**ente

8 Copia os verbos do texto no teu caderno e completa a táboa:

Cando eu era pequena meus pais contaban uns contos moi bonitos e hoxe son eu quen llelos conto a eles.

Imaxino grandes viaxes e os meus amigos xa me din:

–A onde irás mañá?

–Iremos ao río e visitaremos a nosa amiga, unha fada que vive na auga.

verbo	tempo	persoa	número
…	…	…	…

9 Forma familias de palabras a partir das seguintes. Faino no teu caderno:

sol → … chuvia → … cociña → … pan → …
bruxa → … zapato → … música → … rúa → …

10 Escribe un diálogo no teu caderno entre algúns dos personaxes:

Orientacións didácticas

■ Nesta dobre páxina repasaremos o traballado ao longo do trimestre.

Para iso realizaremos unha serie de actividades que revisará os seguintes contidos:

- Os artigos e as contraccións.
- As formas e as conxugacións verbais.
- Os campos semánticos.
- Palabras con **x** e **s**.
- Sinónimos e antónimos.
- A ortografía de palabras con **c, z, qu**.
- O tempo, a persoa e o número dos verbos.
- As familias de palabras.
- A escritura de diálogos.

■ No apartado *Practico as miñas competencias*, os alumnos completarán diversas actividades relacionadas co espectáculo do circo.

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Interpersoal	Avalío os meus..., 10	Elaborar diálogos entre os personaxes coñecidos representados por bonecos.
Espacial	Practico as miñas..., 1	Identificar correctamente tódolos personaxes aparecidos nun debuxo seguindo unhas indicacións.
Lóxico-matemática	Practico as miñas..., 2	Facer cálculos matemáticos para establecer prezos de entradas para máis dunha persoa.
Naturalista	Practico as miñas..., 4	Coñecer os hábitos de alimentación de diversos animais e completar unha táboa.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Desenvolver estratexias e utilizar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua. Analizar textos, documentos e imaxes partindo de pautas e preguntas. Aplicar pautas e indicacións xerais de comunicación a contextos concretos.	Traballar os tempos verbais completando unha táboa. Av..., Act. 2. Practicar o uso das grafías c, z e qu cambiando letras. Av..., Act. 7. Adiviñar unha serie de personaxes observando debuxos e seguindo pautas. Pr..., Act. 1. Resolver cálculos de prezos segundo as persoas. Pr..., Act. 2. Identificar características de estilo en dous cadros. Pr..., Act. 3
Conciencia e expresións culturais	Familiarizarse con diferentes manifestacións culturais.	Inventar diálogos entre personaxes e coñecer estilos diferentes en cadros. Av..., 10, Pr... 3.
Matemáticas e bás. en ciencias e tecnol.	Empregar a linguaxe matemática para resolver problemas.	Facer cálculos de prezos de entradas segundo persoas. Pr..., 2.
Sentido de iniciativa e esp. emprendedor	Adoptar estratexias e recursos que favorezan a propia capacidade de aprendizaxe.	Asimilar diferencias de contido e estilo entre cadros, e de alimentación animal. Apr..., Act. 3, 4.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Practico as miñas competencias — 2º trimestre

1 Observa o debuxo, le e adiviña quen é quen. Escríbeo no teu caderno:

– Marta leva pantalóns azuis e está detrás de Xosé.
– Ana tamén leva pantalóns azuis e está diante de David.
– David leva unha mochila de cor laranxa.
– Xosé leva lentes e un papel na man.

2 Fíxate no cartel que hai na entrada e soluciona o problema:

Imos ver o espectáculo circense 10 nenos e mais a profesora.

Os nenos e as nenas pagamos 23 € cada un, pero temos 1 € de desconto en cada entrada. A profesora paga 28 € e non ten desconto.

Canto custará entrar no circo?

PREZOS
Nenos: 23 € Adultos: 28 €
Os nenos menores de 12 anos teñen 1 € de desconto.

130

3 Observa os seguintes cadros e responde as preguntas no teu caderno:

John Steuart CURRY: *The flying Codonas.*

Judy BYFORD: *Worried Fish.*

– Que diferenzas atopas entre os dous cadros?
– Cal dos personaxes que aparecen nos cadros che gustaría ser? Por que?
– Sinala no teu caderno as persoas que aparecen neles:

• trapecista • domador • mago • xefe de pista
• equilibrista • acróbata • pallaso • funambulista

4 No espectáculo que van ver os nenos aparecen os seguintes animais:

Clasifica no teu caderno os animais segundo a súa alimentación nunha táboa coma esta:

animais carnívoros	animais herviboros	animais omnívoros
...	...	...

131

NAVEGAMOS POR TICHING

■ http://www.tiching.com/87046

Observaremos esta imaxe que presenta uns emoticonos e pedirémoslle ao alumnado que de cada cara escriba o sentimento que reflicte e o seu antónimo.

Logo poremos en común as respostas e se hai diferentes contestacións comentaremos se son ambas as dúas válidas ou se hai algún erro.

Actividades de reforzo

1. Na seguinte lista hai animais que se clasificaron erroneamente. Pedirémoslles aos alumnos que lean as tres columnas detidamente e que identifiquen os "intrusos".

Despois, terán que escribir a lista no seu caderno situando a cada animal na categoría adecuada.

– *Animais carnívoros*: lobo, avestruz, quenlla, raposo, golfiño, rinoceronte.
– *Animais omnívoros*: galiña, cervo, aguia, mono, ourizo, oso.
– *Animais hervíboros*: cebra, porco, coala, xirafa, ovella, crocodilo.

SOLUCIÓN: A clasificación correcta é:

– *Animais carnívoros*: lobo, crocodilo, quenlla, raposo, golfiño, aguia.
– *Animais omnívoros*: galiña, porco, avestruz, mono, ourizo, oso.
– *Animais hervíboros*: cebra, cervo, coala, xirafa, rinoceronte, ovella.

Solucións das actividades

Avalío os meus logros

1. As oracións completas son:

– O meu tío contoume o conto da raposa e o lobo.
– Fixen unha viaxe no tren máis rápido do mundo.
– O mellor invento do pai foi o día das películas.
– O poldro do meu soño transformouse nun cabalo branco.
– Na beira do río hai moitas pedras.
– No colexio a miúdo facemos traballos en grupo.

2. Completamos a táboa así:

– abrir (3ª): *abrín, abro, abrirei.*
– *Dicir (3ª): dixen,* digo, *direi.*
– *Cantar (1ª): cantei, canto,* cantarei.
– *Chegar (1ª):* cheguei, *chego, chegarei.*
– Recoller (2ª): *recollín, recollo, recollerei.*
– *Beber (2ª): bebín,* bebo, *beberei.*

(Continua na páxina 10-17)

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Biblioteca

1 Ide á biblioteca da escola e observade como está organizada. Despois, en grupos, contestade as preguntas e poñede en común as respostas:

1
- A que hora se pode ir?
- Como se pode saber se hai un libro concreto?
- Quen te pode axudar a buscar un libro?

2
- Pódense coller libros en préstamo?
- Podes levar os libros que queiras? Por que?
- Canto tempo os podes ter?

3
- Como se organizan os libros de ficción: por niveis, por idade, por tipo de libro...? E os de consulta?
- Hai un expositor para mostrar as novidades? Que libros hai?
- Hai ordenadores? Para que serven?

2 Buscade na biblioteca o libro *Lía e as zapatillas de deporte*. Observade a ficha bibliográfica:

Título: Lía e as zapatillas de deporte
Autor: María Reimóndez
Ilustrador: Iván Sende
Editorial: Xerais
Número de páxinas: 96

3 En que sección da biblioteca atopaches o libro?
- literatura universal
- literatura inglesa
- literatura infantil e xuvenil
- literatura clásica

4 Que outros libros atoparías na mesma sección que o libro anterior?

a
b

c

d

e

5 Observade a portada do libro *Lía e as zapatillas de deporte*. Cal pode ser o argumento principal do libro? Comentade as diferentes opinións en grupo.

6 Os capítulos do libro aparecen numerados. Lede o primeiro capítulo e poñédelle un título.

7 Lía viaxa agarrada aos amallós dunhas zapatillas. A onde viaxa Lía? A onde viaxarías ti?

8 Facede unha ficha bibliográfica como a da actividade 2 para todos os libros que leades. Completádeas da seguinte maneira:
- En cada ficha bibliográfica pintade un círculo de cor, segundo vos gustou máis ou menos.
- Na parte de detrás escribide unha frase sobre o que vos gustou máis do libro.
- Gardade as fichas. De cando en vez, comentade os libros que lestes.

9 Escribe a túa opinión da historia do libro e comentade as vosas opinións en grupo. Que aprendiches?

10 Lembras os contos que che gustaban cando eras pequeno? Seguro que había algún que che gustaba máis que os outros e o lias a miúdo. Presenta o libro que máis che gustou cando eras pequeno:



11 Lembra que para presentar un libro tes que seguir uns pasos. Ordénaos, escribe un guión e fai a presentación diante dos teus compañeiros e compañeiras:
- Cal é a historia do libro.
- Título.
- Como o conseguiches.
- Por que che gustou tanto.

Orientaciones didácticas

No apartado *Biblioteca* destas páxinas os nenos aprenderán a utilizar unha biblioteca e coñecer as súas seccións, a buscar libros nela e tomalos en préstamo, a fichas bibliográficas e a comentar libros. Para iso realizarán unha serie de actividades que implican visitar a biblioteca do colexio.

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	1	Coñecer, en grupo, cuestións de organización e funcionamento da biblioteca escolar.
	3	Coñecer a sección dun libro nunha biblioteca.
	4	Identificar e sinalar os libros nunha listaxe que corresponden a unha sección da biblioteca determinada.
	10	Elaborar a presentación do libro preferido de pequeno.
	11	Elaborar o guión dunha presentación seguindo uns pasos e facer a presentación á clase.

Solucións das actividades

1. Actividade en grupo. Para responder a estas preguntas, os nenos deberán ir á biblioteca do colexio e falar coa persoa encargada do seu funcionamento.

   Deberán preguntar polas diferentes seccións que hai e polo código que se utiliza para ordenar os libros.

   Ao finalizar a actividade, os nenos deberían ser capaces de buscar libros por si mesmos e ser conscientes das normas que rexen a biblioteca.

(Continúa na páxina 10-17)

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Participar en actividades colectives colaborando e respectando as achegas dos outros.	Expresar en grupo os coñecementos sobre o funcionamento da biblioteca escolar. Act. 1.
Sentido de iniciativa e esp. emprendedor	Adoptar estratexias e recursos que favorezan a propia capacidade de aprendizaxe.	Realizar actividades para ampliar coñecementos sobre as bibliotecas e os libros. Act. 1, 2, 6, 8, 10.
Aprender a aprender	Analizar textos, documentos e imaxes partindo de pautas e preguntas. Aplicar pautas e indicacións xerais de comunicación a contextos concretos. Adoptar pautas e estratexias na elaboración de textos.	Coñecer a sección correcta nunha biblioteca á que pertence un libro e sinalar os que irían tamén na sección. Act. 3, 4. Comentar en grupo o argumento dun libro segundo o título. Act. 5. Elaborar fichas, opinións e presentacións de libros. Act. 8-11.
Conciencia e expresións culturais	Apreciar o libro e a literatura como ferramentas para a reflexión e o coñecemento.	Realizar actividades para traballar as fichas bibliográfias e as presentacións de libros. Act. 8,10,11.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

(Ven da páxina 10-15)

3. A palabras que sobra en cada columna é:

– Columna amarela: *ourego.*
– Columna verde: *azul.*
– Columna vermella: *motor.*
– Columna azul: *corte.*

4. Resposta persoal. Suxerimos:

– Columna amarela: *italiano, catalán, eúscaro, ruso.*
– Columna verde: *xirasol, begonia, mapoula, orquídea.*
– Columna vermella: *helicóptero, bicicleta, tranvía, metro.*
– Columna azul: *osiño, cordeiro, aguilucho, ballenato.*

5. Resposta persoal. De esquerda a dereita: ***s**ardiñeiro, **s**ouba, e**x**traño, e**x**acto, bande**x**a, a**xex**ar, **x**astre, albore**x**ando, **s**aia*.

6. Resposta persoal. Suxerimos:

felicidade → *alegría / pena.*
fermoso → *belido / feo.*
preto → *cerca / lonxe.*
diferente → *distinto / igual.*
rápido → *veloz / lento.*
ledo → *contento / apesarado.*
bondadoso → *bo / malvado.*
bonito → *feito / feo.*
grande → *enorme / pequeno.*
afastado → *alongado / achegado.*
lembrar → *recordar / esquecer.*
andar → *camiñar / parar.*

7. De esquerda a dereita: ***c**azo, **c**ravo, **qu**ilo, **c**ego, **z**ume, **que**ixo, **c**uller, **c**abra, **que**rido, **que**nte*.

8. Completaremos a táboa así:

era → *pasado, 3ª, singular.*
contaban → *pasado, 3ª, plural.*
son → *presente, 1ª, singular.*
conto → *presente, 1ª, singular.*
imaxino → *presente, 1ª, singular.*
din → *presente, 3ª, plural.*
irás → *futuro, 2ª, singular.*
iremos → *futuro, 1ª, plural.*
visitaremos → *futuro, 1ª, plural.*
vive → *presente, 3ª, singular.*

9. Resposta persoal. Suxerimos:

sol → *lúa, estrela.*
chuvia → *neve, vento.*
cociña → *tixola, cazola.*
pan → *panadaría, forno.*
bruxa → *fada, mago.*
zapato → *zapatilla, bota.*
música → *melodía, canción.*
rúa → *avenida, paseo.*

10. Actividade persoal.

Practico as miñas competencias

1. Os personaxes son:

– Marta: b)
– Ana: l)
– David: i)
– Xosé: a)

2. A solución do problema é:

23 - 1 (do desconto) = 22€.
22 x 10 (o número de nenos) = 220€.
220 + 28 (o prezo da entrada de adultos) = 248€ en total.

3. As respostas son as que indicamos a continuación:

– Resposta persoal. Suxerimos: ambos os cadros representan a temática do circo, pero o da esquerda é máis realista que o da dereita. Mentres no cadro da Curry hai só dous personaxes, no da Byford hai unha multitude deles. As cores empregadas tamén son diferentes: as do segundo cadro son máis vivas e alegres que as do primeiro. No cadro da dereita vese un bosque; no da esquerda, en cambio, non se representa a redonda.
– Resposta persoal.

(Ven da páxina 10-16)

2. Actividade persoal. Despois de ler a ficha bibliográfica, preguntarémoslles que seccións ten.

3. Pola súa temática, este libro debe atoparse na sección de literatura infantil e xuvenil.

4. Atoparemos o cómic de Astérix e o de Nasrudín.

5. Actividade persoal e posta en común en grupo. O título indica que o conto vira ao redor das zapatillas de deporte da protagonista, Lía.

6. Actividade persoal. Explicarémoslles aos alumnos que o título adoita recoller a idea principal do capítulo e, á vez, tenta captar a atención do lector.

7. Actividade persoal. Pedirémoslles a algúns alumnos que conten diante da clase a que lugar viaxarían eles e pedirémoslles que expliquen as razóns da súa elección.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

8. Actividade persoal. Leremos as instrucións en voz alta e pedirémoslles aos alumnos que enchan polo menos tres fichas bibliográficas cos seus libros e contos favoritos. Despois, reuniremos todas as fichas nunha caixa para que calquera poida consultar a información do libro que lle interese.

9. Actividade persoal e posta en común en grupo.

10. Actividade persoal. Para presentar o conto que máis lles gustaba cando eran pequenos, os alumnos terán que seguir as instrucións que se detallan na actividade número 11.

11. Os pasos ordenados son:

- Título.
- Como o conseguiches.
- Cal é a historia do libro.
- Por que che gustou tanto.

NAVEGAMOS POR TICHING	
TICHING	WEBS
http://www.ticking.com/86116	https://www.youtube.com/watch?v=qV6hXQ0ZZ1Q&feature=related
http://www.ticking.com/86950	http://www.youtube.com/watch?v=t99ULJjCsaM
http://www.ticking.com/86981	http://www.youtube.com/watch?v=qld6IWxjPwA
http://www.ticking.com/86984	http://1.bp.blogspot.com/-L9ccNg5qmE0/T5nOBR8GtMI/AAAAAAAANfM/1_tZ91Oe5rc/s1600/antonyms1.jpg
http://www.ticking.com/86992	http://www.youtube.com/watch?v=jZ8q34jFCh4
http://www.ticking.com/87038	http://www.youtube.com/watch?v=rG3No3gLFUQ
http://www.ticking.com/87046	http://www.appstonic.com/wp-content/uploads/2012/11/Emoji-iOS-6_img.png

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES